



Nº Expediente: 2017/C005/000004

Asunto: Contratación de MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CASCO VELLO DE CEDEIRA. FCA 2017

MESA DE CONTRATACIÓN (2-bis)

ACTA DE CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA (SOBRES B), APERTURA DAS OFERTAS ECONÓMICAS (SOBRES C) E INICIACIÓN DA NEGOCIACIÓN DO SEGUINTE CONTRATO:

Obra: MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CASCO VELLO DE CEDEIRA. FCA 2017

Importe de licitación: 30.250,00 € IVE incluído (Prezo sen IVE 25.000,00 €, IVE 5.250,00 €)

ASISTENTES

PRESIDENTE:

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Don José Camilo Casal García, concelleiro

Don Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal.

SECRETARIA:

Dona M^a Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 12:30 horas do día 15 de setembro de 2017, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á cualificación da documentación técnica (sobres B), apertura das ofertas económicas (sobres C) e iniciación da negociación para adxudicar a obra anteriormente citada.

Do informe elaborado polo Sr. enxeñeiro técnico industrial e redactor do proxecto D. Jesús M. Mallo Puga con data 12.09.2017, o cal se xunta como anexo da presente acta, unha vez completada a información que lle foi requirida, despréndese o seguinte resultado en relación á valoración das referencias técnicas presentadas polas empresas incluídas na presente licitación:

EMPRESA	PUNTUACION
JOSÉ LUIS MARTÍNEZ RIVAS	21
TEI LUGO INSTALACIONES ELÉCTRICAS, S.L.	7
ELECTRIC CURTIS, S.L.	9
HALLMANN ENERGIE, S.L.	33

No mesmo informe, no apartado de conclusións, consta que “as empresas non fixeron un estudo pormenorizado da obra en cuestión e limitáronse a presentar documentación xenérica que pode corresponder a calquera obra e non estudaron as particularidades desta.

Por outro lado, a documentación con respecto ao material a instalar está completa”.

Procédese de seguido á apertura dos sobres C: oferta económica, sendo a seguinte:



EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA SEN IVE
JOSÉ LUIS MARTÍNEZ RIVAS	22.520,00
TEI LUGO INSTALACIONES ELÉCTRICAS, S.L.	25.000,00
ELECTRIC CURTIS, S.L.	25.000,00
HALLMANN ENERGIE, S.L.	24.900,00

Despois da valoración dos criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor (sobres B) e dos criterios cuxa cuantificación é automática (sobres C), obtivéronse os seguintes resultados:

EMPRESA	PUNTUACIÓN TÉCNICA	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA	PUNTUACIÓN AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA	TOTAL
JOSÉ LUIS MARTÍNEZ RIVAS código: 2017/FCA/03	21	13,65	(non se axusta ao modelo establecido)	0,00	34,65
TEI LUGO INSTALACIONES ELÉCTRICAS, S.L. código: 2017/FCA/01	7	0,00	1 ano	1,00	8,00
ELECTRIC CURTIS, S.L. código: 2017/FCA/04	9	0,00	(non ofrece ampliación)	0,00	9,00
HALLMANN ENERGIE, S.L. código: 2017/FCA/02	33	0,76	1 ano	1,00	34,76

Polo tanto, a Mesa **acorda**:

- 1.- Aprobar a valoración técnica realizada polo Sr. enxeñeiro técnico industrial e redactor do proxecto D. Jesús M. Mallo Puga con data 12.09.2017.
- 2.- Notificar aos licitadores admitidos a súa posición en canto ás puntuacións totais e parciais obtidas por todas as proposicións admitidas para que, no prazo máximo de 48 horas, presenten unha segunda oferta en relación cos aspectos de negociación que poidan ser mellorados (**ampliación do prazo de garantía e oferta económica**), indicados na cláusula décimo segunda), ou se ratifiquen expresamente na oferta presentada; notificando os seguintes datos:

EMPRESA	PUNTUACIÓN TÉCNICA	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA	PUNTUACIÓN AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA	TOTAL
código: 2017/FCA/03	21	13,65	(non se axusta ao modelo establecido)	0,00	34,65
código: 2017/FCA/01	7	0,00	1 ano	1,00	8,00
código: 2017/FCA/04	9	0,00	(non ofrece ampliación)	0,00	9,00
código: 2017/FCA/02	33	0,76	1 ano	1,00	34,76

- 3.- Reunirse de novo unha vez transcorrido o prazo anteriormente sinalado para finalizar a negociación e elevar unha proposta de adjudicación ao órgano de contratación.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 13:00 horas do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.



Jesus Manuel Mallo Puga

Ingeniero Técnico Industrial

Col. 1.178 del COETICOR

Jesús Manuel Mallo Puga, Enxeñeiro Técnico Industrial adscrito ó Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña co número de colexiado 1.178, co documento nacional de identidade número 52.433.319 - N, redacto o seguinte:

INFORME TÉCNICO de valoración das ofertas presentadas polas empresas (referencias técnicas), de acordo cos criterios de valoración contidos no Prego de cláusulas administrativas que rexe a licitación de "MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGETICA EN EL CASCO VIEJO DEL CONCELLO DE CEDEIRA".

Realízase este informe por encargo do Concello de Cedeira, provincia de A Coruña.

EMPRESAS LICITADORAS:

- A.- José Luis Martínez Rivas
- B.- TEI Lugo Instalaciones Eléctricas S.L.
- C.- Electric Curtis S.L.
- D.- HALLMANN ENERGIE S.L.

Logo de ver a documentación que presentan as empresas licitadoras, pasamos a enumerar e puntuar a cada unha delas:

Empresa.- José Luis Martínez Rivas

Concepto	Puntuación	Observacións
Memoria descriptiva da subministración na que se indiquen as características dos bens que integran o contrato.	8	Falta a memoria descriptiva.
Esquema do plan de seguridade e saúde	5	Non hai.
Plan de xestión de residuos	3	Non se adapta á obra.
Plan de control de calidade	2	So aporta o compromiso de unha empresa.
Achega de medios que faciliten a subministración.	3	Ten incongruencias con respecto ó número de empregados e non é concreto.
Total puntuación	21 pts.	

Nota.-No Prego di que non conterà mención a oferta económica e no apartado do Plan de Seguridade e Saúde fala de "presupuesto estimado".

Empresa.- TEI Lugo Instalaciones Eléctricas s.l.

Concepto	Puntuación	Observacións
Memoria descriptiva da subministración na que se indiquen as características dos bens que integran o contrato.	7	Non se adapta á obra en cuestión.
Esquema do plan de seguridade e saúde	0	Non presenta.
Plan de xestión de residuos	0	Non presenta.
Plan de control de calidade	0	Non presenta.
Achega de medios que faciliten a subministración.	0	Non presenta.
Total puntuación	7 pts.	



Empresa.- Electric Curtis S.L.

Concepto	Puntuación	Observacións
Memoria descriptiva da subministración na que se indiquen as características dos bens que integran o contrato.	9	Moi xenérico.
Esquema do plan de seguridade e saúde	0	Non presenta.
Plan de xestión de residuos	0	Non presenta.
Plan de control de calidade	0	Non presenta.
Achega de medios que faciliten a subministración.	0	Non presenta.
Total puntuación	9 pts.	

Empresa.- HALLMANN ENERGIE S.L.

Concepto	Puntuación	Observacións
Memoria descriptiva da subministración na que se indiquen as características dos bens que integran o contrato.	15	Non hai.
Esquema do plan de seguridade e saúde	3	Moi xenérico.
Plan de xestión de residuos	5	Non hai.
Plan de control de calidade	5	Non hai.
Achega de medios que faciliten a subministración.	5	Non hai.
Total puntuación	33 pts.	

Relación de documentación e certificados relativos ao modelo de luminaria e apoio proposta para a súa subministración e instalación que deben aportar os licitadores:

1.- Certificado emitido por Laboratorio Acreditado por ENAC (Entidade Nacional de Acreditación) ou similar internacional que acredite que a empresa e todos os seus procesos de fabricación referentes á actividade obxecto de contratación (luminarias fornecidas) están certificados coa ISO 9001-2000.

2.- Declaración de conformidade ou certificado equivalente de que as luminarias e apoios en cuestión cumpren co Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión e as súas Instrucións Técnicas Complementarias, aprobado por Real Decreto 848/2002, de 2 de agosto, e co Regulamento de Eficiencia Enerxética en Instalacións de Iluminación Exterior e as súas Instrucións Técnicas Complementarias, aprobado por Real Decreto 1890/2008, de 14 de novembro. Indicando que a luminaria cumpre cos requisitos marcados polas seguintes Normas:

- NORMA UNE-EN 60598-1.
- NORMA UNE-EN 60598-2-3.
- NORMA UNE-EN 62031.
- NORMA UNE-EN 55015.
- NORMA UNE-EN 61547.
- NORMA UNE-EN 61000-3-2.
- DIRECTIVA EUROPEA 2004/108/CE, de 15 de decembro.

3.- Certificado de mercado CE.



Jesus Manuel Mallo Puga

Ingeniero Técnico Industrial

Col. 1.178 del COETICOR

4.- Ficha técnica das luminarias indicando todas as características técnicas de tipo de fonte de luz, fonte de alimentación, sistema óptico, materiais e acabados, temperaturas de funcionamento, características de mantemento, grao de protección, características eléctricas (factor de potencia segundo fluxo e corrente de arranque) e características de instalación.

5.- Ficha técnica oficial do fabricante ou distribuidor da fonte de luz empregada nas luminarias dispoñible para consulta en internet, indicando o tipo exacto de fonte empelado na luminaria, así como todas as características técnicas de tipo de fonte de luz (fluxo nominal a 25 OC, temperatura de cor e rendemento cromático).

6.- Certificado emitido polo fabricante ou distribuidor da luminaria onde se indique expresamente a duración da garantía e da vida útil da luminaria (conxunto Fonte de luz+Fonte de alimentación), e as condicións que rexerán a garantía ademais das referencias dos tipos de fonte empregados. Garantía equivalente á vida útil para man de obra e repostos.

7.- Certificado/autocertificado que inclúa o ensaio e estudo fotométrico das luminarias conforme ao establecido na Norma UNE-EN 13032 (devandito estudo deberá proporcionar datos completos das curvas fotométricas en formato compatible con software libre dialux da luminaria, a eficiencia lumínica e o rendemento da mesma, a temperatura de cor e o rendemento de cor da fonte de luz, e a porcentaxe de fluxo emitido ao hemisferio superior, entre outros datos).

8.- Certificado de reciclabilidade, no que se xustifique que se cumpren a directiva RoHS.

9.- Certificado do Fabricante, distribuidor ou instalador de estar inscrito nun SIG (Sistema Integral de Xestión de Residuos).

TABLA RESUMEN

EMPRESA/PUNTO	1	2	3	4	5	6	7	8	9
A	X	X	X	X	X	X	X	X	X
B	X	X	X	X	X	X	X	X	X
C	X	X	X	X	X	X	X	X	X
D	X	X	X	X	X	X	X	X	X

CONCLUSIÓNS.

Como comentario decir que as empresas non fixeron un estudo pormenorizado da obra en cuestión e limitáronse a presentar documentación xenérica que pode corresponder a calquer obra.

Por outro lado, a documentación con respecto ó material a instalar estaba completo.

Este é o meu leal saber i entender, o mesmo tempo quero poñer en coñecemento que efectuei o informe encomendado coa maior obxetividade posible.

O abaixo firmante é coñecedor do código penal i en concreto dos artigos 458 e 459.

A Coruña, 12 de setembro de 2017.

Fdo. **JESUS M. MALLO PUGA**

**MALLO PUGA JESUS MANUEL -
52433319N**

Firmado digitalmente por MALLO PUGA JESUS MANUEL - 52433319N
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES, serialNumber=52433319N, sn=MALLO
PUGA, givenName=JESUS MANUEL, cn=MALLO PUGA JESUS MANUEL - 52433319N
Fecha: 2017.09.14 09:33:33 +02'00'

Ingeniero Técnico Industrial
Col. 1.178 del C.O.E.T.I.COR.

